



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 24 / RX 24801

Data 13/01/2015 12:09:32



REFERENCIA: PR946A 2015/000001-0

SOLICITANTE: FEDERACION GALEGA DE DEPORTE ADAPTADO

NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN

Notifícolle que con data 12/01/2015 o Secretario Xeral para o Deporte dictou a seguinte:

“RESOLUCIÓN DE 12 DE XANEIRO DE 2015, DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE POLA QUE SE AUTORIZA A CONSTITUCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTE ADAPTADO, RESULTANTE DA FUSIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA E DA FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTES PARA DISCAPACITADOS INTELECTUAIS, E SE ACORDA A SÚA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. En data 3 de decembro de 2013, a Asamblea Xeral da Federación Galega de Deportes para Discapacitados Intelectuais acordou iniciar o proceso de fusión coa Federación Galega de Deportes de persoas con Discapacidade Física e coa Federación Galega de Deportes para Xordos. Este acordo foi ratificado posteriormente nunha nova Asamblea Xeral de 14 de marzo de 2014. O 17 de outubro de 2014 nomeouse a D. José Alfonso González Alonso e a D. Juan Rodríguez Feijoo como membros da Comisión Xestora que levaría a cabo os trámites da fusión en representación da Federación Galega de Deportes para Discapacitados Intelectuais.

Segundo. En data 5 de abril de 2014, a Asamblea Xeral da Federación Galega de Deportes de persoas con Discapacidade Física acordou iniciar o procedemento de fusión coa Federación Galega de Deportes de Xordos e coa Federación Galega de Deportes para Discapacitados Intelectuais e nomeouse a D. José Luís Álvarez Camiña e a D. Oswaldo Davila Piñeiro como integrantes da Comisión Xestora que levará a cabo os trámites da fusión en representación da Federación Galega de Deportes de persoas con Discapacidade Física.

Terceiro. O 3 de novembro de 2014 constitúese a Comisión Xestora e en data 19 de decembro de 2014 tivo lugar a Asamblea fundacional da nova Federación resultante da fusión entre a Federación Galega de Deportes para Discapacitados Intelectuais e a Federación Galega de Deportes de persoas con Discapacidade Física. Na devandita Asamblea acordouse que a denominación da nova Federación resultante da fusión será a de “Federación Galega de Deporte Adaptado” e aprobáronse por unanimidade os estatutos da nova Federación.

Cuarto. O 30 de decembro de 2014 tivo entrada no rexistro da Secretaría Xeral para o Deporte a solicitude da Comisión Xestora da Federación Galega de Deporte Adaptado para a autorización da constitución da nova Federación por fusión da Federación Galega de Deportes para Discapacitados Intelectuais e a Federación Galega de Deportes de persoas con Discapacidade Física.





FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O artigo 5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia establece que lle corresponde á Administración Autonómica o exercicio das seguintes competencias: “g) *Autorizar ou denegar a constitución das entidades deportivas previstas nesta lei, así como revogar, de ser o caso, a súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia*”. Así mesmo, e segundo o disposto no artigo 54.1 do mesmo texto legal: “*Correspóndelle á Administración deportiva autonómica autorizar e revogar a autorización da constitución das federacións deportivas galegas e a aprobación dos seus estatutos e regulamentos de réxime interno, agás os que se refiren a normas técnicas da correspondente práctica deportiva*”.

Segundo. A constitución dunha federación, de conformidade co disposto no artigo 54.3 c), *poderá producirse por fusión de dúas ou máis federacións deportivas preexistentes. Esixe a acreditación de que a nova federación que se vai constituir cumpre os requisitos previstos neste artigo e o acordo favorable das asembleas xerais das federacións que se fusionan.*

“ Para a autorización da constitución dunha federación deportiva teranse en conta os seguintes elementos:

- a) Existencia dunha modalidade deportiva recoñecida*
- b) Interese xeral da actividade deportiva*
- c) Suficiente implantación en Galicia*
- d) Viabilidade económica da nova federación.*

Terceiro. O procedemento administrativo para a autorización da constitución dunha federación deportiva galega iníciase mediante solicitude dos interesados, a que se deberá acompañar, no suposto de creación por fusión, a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos indicados no fundamento de dereito segundo e o proxecto de estatutos que van rexer o funcionamento da nova federación.

Cuarto. Á vista da solicitude e examinada a documentación aportada no procedemento, compróbase que a mesma da cumprimento a tódolos requisitos esixidos polo artigo 54 da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia para a constitución da Federación Galega de Deporte Adaptado, acreditándose así mesmo o interese xeral da actividade deportiva, a suficiente implantación en Galicia e a viabilidade económica da nova federación, circunstancia esta última, que quedou acreditada tras auditarse os estados contables das federacións que se fusionan de xeito independente e tras a elaboración do estudo do patrimonio que resultará o inicial da Federación Galega de Deporte Adaptado.

Polo que respecta aos estatutos da nova entidade deportiva, éstos axústanse ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia e demais normativa aplicable.

Por todo o exposto, vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Autorizar a creación da Federación Galega de Deporte Adaptado como entidade resultante da fusión da Federación Galega de Deportes de persoas con discapacidade Física e da Federación Galega de Deportes para Discapitados Intelectuais.





SEGUNDO. Acordar a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia da **FEDERACIÓN GALEGA DE DEPORTE ADAPTADO** co Nº DE REXISTRO: **F-12172**.

TERCEIRO. Ratificar conforme a dereito os estatutos da Federación Galega de Deporte Adaptado.

Segundo o disposto no artigo 54.7 da Lei do Deporte de Galicia, os estatutos das federacións deportivas galegas e as súas modificacións publicaranse no Diario Oficial de Galicia, logo da aprobación destes pola Administración autonómica no prazo de tres meses dende a súa presentación no rexistro.

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende a data de notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende a data de notificación da mesma. Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2015. O SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE. José Ramón Lete Lasa”.

Deberán comunicar e solicitar a inscrición no Rexistro, das modificacións que se produzan con relación aos datos consignados (cambios na xunta directiva, cambio de denominación, modificación dos estatutos, enderezo social, etc.).

Achégolle copia dos estatutos unha vez dilixenciados.

Santiago de Compostela, a 12 de xaneiro de 2015

A XEFA DE SECCIÓN DO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA E APOIO TÉCNICO.

Rebeca Arión Gontad.